

ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA CONVOCANTE

Nome: ROBERTO	1.º apelido: AMARELLE	2.º apelido: GARABÁN	NIF: 44838951Z
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: SECRETARIO		

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	https://shre.ink/tQvH		
Data:	02/09/2025	Hora:	21:00 h

PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela	X	
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Raza Palleira	X	
Adrián Pérez Alonso	Responsable Raids	Raza Palleira	X	
Pelayo García Acevedo	Responsable Trail-O	Aromon	X	
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros	X	

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (26-05-2025)

Apróbase por unanimidade a acta da xunta directiva anterior celebrada o día 26/05/2025.

2. PECHE CESA e CECEO 2025

Toma a palabra Sonia, quen procede a realizar un balance do CESA e do CECEO desenvolvidos na nosa comunidade.

De seguido, intervéñ María para sinalar que un dos aspectos máis febles e susceptibles de mellora foi a xestión das comunicacións en directo a través das redes sociais. Finalmente, toma a palabra Javier, na súa condición de tesoureiro, para presentar un balance dos movementos económicos derivados de ambos os dous eventos.

3. Cursos trazados FEDO

Unha vez concluído o curso de Trazadores de nivel I, Sonia informa de que na FEGADO se recibiron diversas queixas por parte dalgúns asistentes relativas ao desenvolvemento do mesmo, centradas principalmente no seguimento e na avaliación do traballo individual dos trazados realizados.

4. MTBO FEDO

Intervén Sonia para expor unha serie de problemáticas detectadas na relación entre determinadas persoas seleccionadas da MTBO e a actual seleccionadora desta disciplina na FEDO. Entre estas cuestións, sinala a falta de comunicación coa selección, a inexistencia de seguimento ao longo da presente tempada —nin tampouco en tempadas anteriores— e a ausencia de revisión sobre o estado e o adestramento dos membros convocados.

Así mesmo, informa de que, durante o Campionato do Mundo de MTBO, se produciu unha situación de abuso de autoridade por parte da seleccionadora cara un dos seleccionados galegos, que chegou a incluír unha tentativa de agresión física, evitada pola intervención doutro dos membros da selección. Engade tamén que se constatou consumo de alcol por parte da seleccionadora durante a concentración, tendo ela a responsabilidade posterior de trasladar en vehículo oficial a parte da selección.

Logo da valoración dos feitos por parte da Xunta Directiva, considérase necesario solicitar, en primeiro lugar, a destitución inmediata da actual seleccionadora por parte da FEDO e, en segundo lugar, que a Dirección Técnica da Federación adopte medidas para garantir unha mellor xestión da disciplina de MTBO. Ademais, Sonia indica que contactará co resto de federacións autonómicas para trasladar conxuntamente á FEDO a preocupación existente e instar á adopción das medidas oportunas.

5. Roupa DGAN, MTBO e O-pé

En relación coa dotación de roupa deportiva, acórdase o seguinte:

1. Proceder á entrega dun sudadoiro e dun polo azul, correspondentes ao remanente do CESA e do CECEO, aos deportistas DGAN incluídos na listaxe publicada no apartado de transparencia da FEGADO.
2. Entregar aos deportistas DGAN que participen en probas internacionais un mono específico para a disciplina de OBM e unha camiseta de tirantes para aqueles que o fagan na disciplina de O-pé.
3. Dotar á selección galega que participe nos campionatos de O-pé na modalidade de sprint con novas camisetas, cuxa adquisición quedará reflectida nos orzamentos do ano 2026.
4. Facilitar aos deportistas seleccionados para o Campionato de España das Seleccións Autonómicas de Raid un culotte.

6. Rogos e preguntas

Intervén Jorge para propoñer que, desde a FEGADO, se estude a posibilidade de rexistrar os mapas como instalacións deportivas de Galicia, co obxectivo de poder acceder a eventuais subvencións da Xunta de Galicia.

E sen máis asuntos que tratar, a Presidenta da Federación Galega de Orientación (FEGADO) dá por finalizada esta sesión da Xunta Directiva, sendo as 23:24 horas do día antes indicado do que, como secretario, dou fe e asino dixitalmente o presente documento.